

**Informe: Estudantes de novo acceso Curso Académico 2021-2022**

Data 15/12/2021

Autor: Anuska Mosquera Corral (Coordinadora do Grao en Enxeñaría Química)

### 1. Orixe dos estudantes

A continuación se resumen os resultados das enquisas elaboradas aos estudantes de novo ingreso no curso 2021-2022. A maioría dos alumnos veñen das provincias de A Coruña e Pontevedra (Figura 1)




Figura 1. Orixe dos estudantes de novo acceso no curso académico 2021-2022. Responderon á enquisa 35 persoas.

### 2. Formación previa

Dos alumnos 34 cursaron un Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía e 1 en Artes.

Táboa 1. Materias optativas que cursaron no bacharelato. Responderon 35 alumnos

Materia optativa	Total	Porcentaxe
Química	35	100.00%
Física e Química	30	85.71%
Física	27	77.14%
Debuxo Técnico I	17	48.57%
Tecnoloxías da Información e das Comunicaciós I	15	42.86%
Bioloxía	13	37.14%
Bioloxía e Xeoloxía	12	34.29%
Debuxo Técnico II	11	31.43%
Tecnoloxía Industrial I	11	31.43%
Tecnoloxías da Información e das Comunicaciós II	8	22.86%
Tecnoloxía Industrial II	8	22.86%
Ciencias da Terra e do Medio Ambiente	8	22.86%
Cultura Científica	5	14.29%
Xeoloxía	2	5.71%

Máis do 77% cursaron materias de física e química (Táboa 1). Mentres que debuxo técnico entre entre o 31% e o 48%. Unha porcentaxe menor fixo as dúas materias de tecnoloxía industrial (8%).




Figura 2. Cualificacións nas probas de acceso á universidade. Responderon 35 persoas.

A maioría das persoas que contestaron din que obtiveron unha cualificación nas probas de acceso de 10 puntos (Figura 2). A nota mínima indicada correspondeu a un 6 pero a información dispoñible da matrícula indica que era de 10,29 puntos.

### 3. Coñecemento previo da titulación e da ETSE

Táboa 2. Fontes de información sobre a titulación. Responderon 33 persoas.

Fonte	Nº	Porcentaxe
Comentarios de Outras Persoas	20	58,82%
Páxina Web da USC	19	55,88%
Páxina Web da ETSE	11	32,35%
Dirección do Centro de Secundaria	10	29,41%
Folletos Informativos sobre os Graos da USC	6	17,65%
Feiras Informativas sobre os Graos da USC	4	11,76%
Visitas do Programa A Ponte da USC	2	5,88%
Outras Páxinas Web (Indicar nome ou URLs):	2	0%

Sorprendentemente a fonte máis empregada foron os comentarios doutras persoas e a páxina web da USC (Táboa 2). En canto á da ETSE só a coñecían antes do primeiro día de clase o 65,7% (35 respostas).

Os motivos que esgrimen, 23 de 35 alumnos que responderon, para elixir este grao foi por ter boas saídas profesionais mentres que a nota de acceso foi importante para 2. A maioría (91,4%) indican que foi unha decisión propia. Isto reflíctese no feito de que o 67,6% (de 23 respostas de 34 totais) elixiu estes estudos como primeira opción mentres que o 17,6 en segunda e o resto como outras opcións.

En canto ao lugar de estudo so un 11,4% (4 de 31 respostas) valorou a posibilidade de matricularse noutro centro distinto á ETSE. O 82,9% coñecía onde está localizada a ETSE (29 de 35 respostas) e so o 11,4% coñecía o seu funcionamento.

So o 48,6% dos alumnos (17 de 35 respostas) din que coñecían os horarios do primeiro curso antes do primeiro día de clase e o 75% coñecían o plano de estudos e a páxina web. A memoria oficial do título só a coñecían o 6,25% dos alumnos que responderon (32 respostas).

#### 4. Coñecementos transversais previos e participación en actividades




Figura 3. Grao de coñecemento previo de diversas aplicacións informáticas. Responderon 34 persoas.

Aproximadamente o 53-56% dos alumnos indican ter coñecementos medio ou superiores en procesadores de texto e editores de presentacións. Mentres que no emprego de follas de cálculo, editores de páxina web ou outras aplicacións soamente o 17,6, 11,7 e 23,5%, respectivamente recoñecen ter este grao de coñecemento (Figura 3).




Figura 4. Grao de coñecemento de idiomas. Responderon 34 persoas.

O 88,2% dos alumnos teñen coñecemento medio e alto de inglés mentres que este é maioritariamente baixo ou moi baixo en francés, alemán, portugués e italiano (Figura 4).

De 33 respostas recibidas o 49% estarían de acordo en recibir docencia de algunha materia en inglés. Destes o 88% participarían en actividades de formación complementaria e de intercambio de estudantes. O consenso é xeral no que se refire a facer prácticas en empresa, 33 de 34 respostas indican que están interesados.

#### **5. Valoración da xornada de benvida**

O 61,7% das 34 respostas encontran a data e horario da xornada boa ou moi boa, o 58,8% valoran deste xeito a difusión da mesma e a súa utilidade.

En canto aos contidos da mesma o 81,2% valoran como ben ou moi ben a información de seguridade e a da titulación. En canto á información de benvida e a xeral sobre a ETSE sobre o 84,8% teñen esta valoración. Mentres que sobre o servizo de reprografía e a biblioteca o 71,9 e o 70%, respectivamente, dan esta valoración de ben ou moi ben.